

Modificación da relación de centros de especial dificultade

A Consellaría presenta unha proposta para incorporar os centros de atención a menores dentro dos que teñen recoñecemento de especial dificultade. Son os seguintes:

- ★ CRM Concepción Arenal (A Coruña)
- ★ CRM Monteleido (Ourense)
- ★ CA Montefiz (Ourense)
- ★ CA Montealegre (Ourense)
- ★ CRM Avelino Montero (Pontevedra)

A CIG-Ensino indica que o Santo Anxo de Rábade debe cambiar o nome por CP Mestre José Rábade Arias e aproveita para criticar a xestión feita neste comezo de curso con ese centro, no que cinco menores levan un mes sen escolarizar e no que se nomearon a dúas profesoras a media xornada sen informalas de que ían traballar nun centro de menores.

Tamén indicamos que se debería revisar a situación de prazas sometidas a convenio (como os centros de menores) por se fosen susceptibles de seren considerados como de especial dificultade. Sería o caso de Aulas Hospitalarias, ASPANAES, ASPAS, ONCE ou Proxecto Home.

A Consellaría di que non estenderá esta medida a máis centros dos indicados.

Toda a información sobre centros actuais de especial dificultade no apartado de lexislación de centros de Infantil e Primaria na web da CIG-Ensino

Sobre a puntuación no concurso de traslados polo tempo de traballo nestes centros a CIG-Ensino formulou a seguinte proposta na Mesa Sectorial:

Antigüidade en centros de especial dificultade a efectos de puntuación do CXT. As sentenzas do T. Supremo de xaneiro de 2021 indican que “os servizos prestados en centros que estiveron cualificados de especial dificultade deben ser valorados, incluso se o centro desde o que se concursa non ten **nese momento tal cualificación**”. Tendo isto en conta semella que os cambios de cara á orde de CXT só afectaría a manter a puntuación dun docente que continúa concursando desde un centro que deixou de ser de especial dificultade, a efectos de que se lle manteña a puntuación. Non obstante, a CIG-Ensino considera que a Consellaría debe dar un paso adiante e considerar esta puntuación como o resto do baremo, é dicir como **non consumíbel** para que permanece ao longo da carreira profesional, mantendo a limitación actual de que non se puntúan nos cursos nos que o profesorado non estea de xeito presencial neses destinos. **A Consellaría, sen adiantar cal é a súa opinión, afirma que a decisión que tome vai estar en función do que se acorde nunha reunión das CC.AA. co Ministerio que vai ter lugar este xoves 21 de**